



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO
O DÍA 08 DE FEBREIRO DO 2024.**

Sesión 03/2024-P

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p style="text-align: center;">Grupo Sadamaioría (SM)</p> <p>D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña</p> <p style="text-align: center;">Grupo Unidos por Sada (UPSA)</p> <p>D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;">Grupo Partido Popular de Sada (PP)</p> <p>D^a Esperanza María Arias Ferreiro D. Fernando España López (Chano) D^a María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito)</p> <p style="text-align: center;">Grupo Mixto (GM)</p> <p>D^a Almudena Pena Álvarez («PSdeG-PSOE, independente») D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)</p> <p style="text-align: center;"><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 18.00 horas do día xoves 08 de febreiro do 2024, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria e urxente do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte</p>
---	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno extraordinario e urxente do concello de Sada.

01º.- APROBACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

O presidente, sr. Portela Fernández, xustifica os motivos da urxencia da sesión en que mañá remata o prazo para a presentación das solicitudes ao POS+2024.

Seguidamente, procédese á votación da dita urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).



- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade.

02º.- POS+2024 PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS).

Consta no expediente a proposta da Alcaldía, do 06 de febreiro do 2024, que recolle literalmente:

«PROPOSTA DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL

(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
“POS+2024”

Vistas as Bases reguladoras plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) “POS+ 2024”, circular da Excm. Deputación provincial comunicando a achega provincial así como informes emitidos,

PROPONSE ao Pleno deste concello, a adopción do seguinte acordo:

- 1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2024” e con cargo á “achega provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	154.268,80 €
Achega provincial 2023 (Excepción da base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	154.268,80 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello			
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Acondicionamento da rúa José Fernández Alvarez e do entorno da Casa do pobo en Meirás	142.419,77	0	0	0	142.419,77
Subtotal investimentos achega provincial 2024	142.419,77				142.419,77

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello			
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos	Total Concello	



			abastecem. auga potable)		
Acondicionamento de vial entre Vertín e Esperela	230.085,01	4.163,08	0	4.163,08	234.248,09
Subtotal investimentos achega provincial 2023	230.085,01	4.163,08	0	4.163,08	234.248,09

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución da débeda do concello coa deputación (préstamo provincial)	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada á redución da débeda	0
Achega provincial 2023 aplicada á redución da débeda	0
Subtotal redución da débeda do concello coa deputación	0

1- Resumo:

POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	154.268,80			154.268,80
	Achega 2023 (Excep. base 2.1)	0			0
B- INVESTIMENTOS	Achega 2024	142.419,77	0	0	142.419,77
	Achega 2023	230.085,01	4.163,08	0	234.248,09
C- REDUCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN	Achega 2024				
	Achega 2023				
D- TOTAL	Achega 2024	296.688,57	0	0	296.688,57
	Achega 2023	230.085,01	4.163,08	0	234.248,09
	TOTAL	526.773,58	4.163,08	0	530.936,66

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C)=A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)



Humanización do Parque do Porto	215.477,18 €	0	215.477,18 €
TOTAIS	215.477,18 €	0	215.477,18 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.»».

Abre o debate facendo unha exposición para os efectos o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, no que interveñen tamén o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSdeG-PSOE), cunha intervención en parte crítica pola falta de planificación axeitada; a sra. Arias Ferreiro (PP), quen tamén é crítica na súa intervención, en especial con respecto da falta de autorización para a dispoñibilidade dos terreos, da titularidade de Portos de Galicia; a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), quen insiste tamén na crítica e anuncia que non poden votar a favor.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: 8 (4 UPSA e 4 PP).
- Abstencións: 1 GM-PSdeG-PSOE.

Téndose producido un empate a 8 votos, vótase de novo o asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: 8 (4 UPSA e 4 PP).
- Abstencións: 1 GM-PSdeG-PSOE.

Producíndose un novo empate, resulta aprobado por maioría co voto de calidade do presidente o seguinte **ACORDO:**

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2024” e con cargo á “achega provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	154.268,80 €
Achega provincial 2023 (Excepción da base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	154.268,80 €

B) Financiamento de investimentos:

--	--



ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO					
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
			Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Acondicionamento da rúa José Fernández Alvarez e do entorno da Casa do pobo en Meirás	142.419,77	0	0	0	142.419,77	
Subtotal investimentos achega provincial 2024	142.419,77				142.419,77	

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO					
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
			Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Acondicionamento de vial entre Vertín e Esperela	230.085,01	4.163,08	0	4.163,08	234.248,09	
Subtotal investimentos achega provincial 2023	230.085,01	4.163,08	0	4.163,08	234.248,09	

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución da débeda do concello coa deputación (préstamo provincial)	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada á redución da débeda	0
Achega provincial 2023 aplicada á redución da débeda	0
Subtotal redución da débeda do concello coa deputación	0

2- Resumo:

POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
Achega 2024	154.268,80				154268,80
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023 (Excep. base 2.1)	0			0



B- INVESTIMENTOS	Achega 2024	142.419,77	0	0	0	142.419,77
	Achega 2023	230.085,01	4.163,08	0	4.163,08	234.248,09
C- REDUCCIÓN DA DÉBIDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN	Achega 2024	-	-	-	-	-
	Achega 2023	-	-	-	-	-
D- TOTAL	Achega 2024	296.688,57	0	0	0	296.688,57
	Achega 2023	230.085,01	4.163,08	0	4.163,08	234.248,09
	TOTAL	526.773,58	4.163,08	0	4.163,08	530.936,66

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C)=A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Humanización do Parque do Porto	215.477,18 €	0	215.477,18 €
TOTAIS	215.477,18 €	0	215.477,18 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3º.- POS+2024 ADICIONAL 1 GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024: GASTO CORRENTE.



Consta no expediente a proposta da Alcaldía, do 06 de febreiro do 2024, que recolle literalmente:

«Vistas as bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2024, modificación da base 12.4 do POS+adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios e circular da Excm. Deputación comunicando a achega provincial a dito Plan,

PROPONSE ao Pleno deste Concello a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do
POS+ADICIONAL/2024

84.768,16 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
		(A)	(B)	(C=A-B)	(D)
GASTO CORRENTE					

a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.

0,00 € 0,00 € 0,00 €

b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.

84.768,16 € 0,00 € 84.768,16 € 84.768,16 € 0,00 €

c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras.

O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo.

0,00 € 0,00 €

Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.



d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.			0,00 €		0,00 €
g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES					
Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación	84.768,16 €	0,00 €	84.768,16 €	84.768,16 €	0,00 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DOUTROS GASTOS FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
		(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
INVESTIMENTO	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.				0,00 €	0,00 €
j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.				0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DOUTROS GASTOS FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
---------------------	-----------------------------	---	--	-------------------------------------



TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	84.768,16 €	0,00 €	84.768,16 €	84.768,16 €	0,00 €
--	--------------------	---------------	--------------------	--------------------	---------------

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	84.768,16 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	0,00 €
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)	84.768,16 €

- 2.- Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.
- 3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente».

Abre o debate facendo unha exposición para os efectos a sra. Martínez Abruñedo (SM), concelleira delegada dos servizos de Benestar Social e Igualdade e Emprego, no que interveñen tamén o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSdeG-PSOE); a sra. Arias Ferreiro (PP); e a sra. Nogareda Marzoa (UPSA).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
GASTO CORRENTE	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.			0,00 €	0,00 €	0,00 €
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación,	84.768,16 €	0,00 €	84.768,16 €	84.768,16 €	0,00 €



gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.

c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.

0,00 €

0,00 €

d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.

0,00 €

0,00 €

e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.

0,00 €

0,00 €

f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.

0,00 €

0,00 €

g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.

0,00 €

0,00 €

h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.

0,00 €

0,00 €

SUBTOTAL GASTOS CORRENTES

Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación

84.768,16 €

0,00 €

84.768,16 €

84.768,16 €

0,00 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
INVESTIMENTO	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.			0,00 €		0,00 €
j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000003

	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	84.768,16 €	0,00 €	84.768,16 €	84.768,16 €	0,00 €
I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES				84.768,16 €	
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)				0,00 €	
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)				0,00 €	
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)				84.768,16 €	

2.- Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 20 horas e 32 minutos do día xoves 08 de febreiro do 2024, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.